

Recordatorio de deberes legais ao concello de Baiona de que a administración debe contestar expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación

Expediente: A.10.Q/137/23

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2023

Sr. alcalde

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX referente á súa petición de información e de devolución das taxas dun proceso selectivo pertencente á OPE 2019 paralizado

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, expón que con data do 18/02/2019 presentou a través do rexistro da Axencia Tributaria en Vigo solicitude e demais documentación requirida para participar no proceso selectivo dunha praza de auxiliar administrativo vacante na plantilla de funcionarios do concello de Baiona, de conformidade ás bases e convocatoria publicadas no BOP de Pontevedra núm. 243 do 19/12/2018.

Para poder participar no citado proceso aboou unha taxa en concepto de dereitos de exame por importe de 6 euros e desde entón, e ao transcorrer máis de tres anos desde a referida convocatoria do procedemento de selección de persoal, sen que se convocasen as probas aprobadas e recollidas nas bases, solicitou mediante escrito presentado no rexistro municipal en varias ocasións información en relación ao expediente e a devolución da cantidade pagada en concepto de dereitos de exame e a única resposta que recibiu foi que se reanimaría o proceso, cousa que non ocorreu a día de hoxe.

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nola remitiu. O informe inclúe a solicitude realizada polo interesado en data 17/01/2022, os informes realizados polos servizos de Persoal de Tesourería e unha nova solicitude presentada polo interesado o 13/07/2022.

Esencialmente, o informe do servizo de Persoal municipal tras realizar un percorrido polo histórico do expediente do proceso selectivo, sinala o seguinte:

“(..) O expediente quedou suspendido, aínda que non foi aprobado o seu peche mediante Resolución de Alcaldía, non foi acordada a devolución de ingresos das taxas que foron abonadas polos aspirantes entre os que se atopa a

solicitante de devolución de ingresos da taxa por dereitos de exame. Por todo o exposto, e debido ao tempo transcorrido, dado que segundo se recolle no artigo 70.1 do EBEP a execución da Oferta de Emprego público deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos, (..) infórmase favorablemente a devolución (..)”

Pola súa banda o departamento de Tesourería sinala o seguinte:

“ (..) devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento da solicitude de inscrición nas probas selectivas, debendo efectuar o pago do seu importe total dentro do prazo de presentación da solicitude, e cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, a actividade técnica e/o administrativa que constitúe o feito impoñible da taxa non se realice, procederá a devolución do importe correspondente.

Neste sentido, o artigo 12 da Lei 8/1989, de taxas e prezos públicos, de aplicación supletoria no ámbito local, establece igualmente que procederá a devolución das taxas esixidas, cando non se realice o feito impoñible por causas non imputables ao suxeito pasivo.

Segundo informe emitido pola técnico de persoal do Concello as probas selectivas non chegaron nunca a realizarse pero o expediente non está pechado nin arquivado, polo que segue en tramitación, e está a producirse o feito impoñible.

Neste sentido é ilustrativa a consulta publicada na plataforma "El Consultor" de 8 de febreiro de 2017, onde expresamente sinala:

«En función de la normativa expuesta, de ineludible aplicación, resulta que, cuando por causas no imputables al sujeto pasivo, la actividad técnica y/o administrativa que constituye el hecho imponible de la tasa no se realice, procederá la devolución del importe correspondiente. Por tanto, no procederá devolución alguna de tasa en los supuestos de exclusión de las pruebas selectivas o de provisión de puestos por causas imputables al particular.

En consecuencia, en nuestro caso, a pesar de aprobarse las bases para la selección de una plaza, señalándose en las mismas que las pruebas se realizarían en un mes cuando finalmente se llevarán a cabo durante el mes siguiente, creemos que no habría lugar a la devolución de la tasa por derechos de examen, ya que la tasa se ha devengado ya y sólo habría posibilidad de devolución si las pruebas no llegaran finalmente a realizarse.»

(..)

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de devolución de ingresos formulada por XXX

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución ao interesado, facéndolle constar que contra a mesma, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso de reposición, previo ó Contencioso-Administrativo, ante o Sr. ALCALDE, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da notificación da presente liquidación. O recurso entenderase desestimado polo transcurso dun mes desde a súa interposición sen recibir resolución expresa, segundo dispón o artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, R.D. Legislativo 2/2004 de 5 de marzo. Contra a desestimación, expresa ou presunta, do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo, (..)”

#### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. Por resolución da Alcaldía do 29/10/2018 aprobouse expediente para a selección dunha persoa para a praza de auxiliar administrativo, vacante e pertencente á OPE 20218. Despois dos informes favorables, estimouse parcialmente o recurso presentado por un representante sindical e modificouse o texto da convocatoria de “concurso oposición libre” a “oposición libre”. Publicouse no BOP e convocouse o proceso.

O interesado ingresou as taxas correspondentes ao exame o día 13/02/2019. O día 18/02/2019 presentou a documentación requirida para participar no proceso selectivo. Segundo se deduce da documentación remitida polo interesado e polo concello o proceso quedou paralizado.

O día 28/07/2020 o interesado rexistrou unha solicitude de información sobre o estado do proceso. Dita solicitude foille respondida o día 07/08/2020 polo concello, indicando que a pandemia tiña paralizado os prazos administrativos, que a ausencia de persoal en Secretaría e Intervención municipal aínda paralizaran máis os mesmos e que se ía renovar o proceso “a partir do mes de setembro”.

O interesado volveu solicitar información con data 17/01/2022. Segundo se deriva da información municipal esta solicitude deu lugar ao inicio dun expediente de devolución de ingresos por parte da Alcaldía, solicitándose informe aos departamentos de Persoal e Tesourería, respondendo ambos nos termos indicados anteriormente.

Porén, non figura no expediente documento algún de resposta á solicitude presentada polo interesado quen volveu dirixirse ao concello o día 13/07/2022.

SEGUNDA. O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e con el a paralización de todos os procesos selectivos.

A Resolución do 20 de maio de 2020, do Congreso dos Deputados, ordenaba a publicación do Acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo que no seu punto Décimo expoñía o levantamento da suspensión dos prazos administrativos a partir do 1 de xuño de 2020. A maiores, o punto Undécimo sinalaba que “(..) Con efectos desde o 4 de xuño de 2020, derrogárase a disposición adicional cuarta do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, relativa á suspensión de prazos de prescrición e caducidade de dereitos e accións. Alzarse a suspensión nesa mesma data.”

TERCEIRA. No presente caso estamos diante dunha convocatoria realizada polo concello de Baiona para uns fins determinados, convocatoria á que a persoa interesada se presentou figurando na listade de persoas admitidas definitivamente. Neste sentido, presentouse ao proceso confiando no compromiso acadado polo concello a través do reflectido nas propias Bases. Cómpre, ademáis, lembrar que en agosto do ano 2020 se lle indicou que o proceso se reanudaría “a partir do mes de setembro”.

Resulta comprensible que o estado de alarma e a situación de emerxencia sanitaria paralizara e retrasara moitos procesos selectivos así como a maioría das actuacións do conxunto das administracións públicas; porén, os prazos administrativos reanudáronse na data exposta con anterioridade contando, pois, con prazo dabondo para a reactivación dos procesos selectivos en marcha.

CUARTA. O artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público dispón:

“1. As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de emprego público, ou a través doutro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obrigaición de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ata un dez por cen adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria dos mesmos. En todo caso, a execución da oferta de emprego público ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos. (..)”

Non se deduce da documentación achegada que, desde a paralización do proceso a causa do estado de alarma, se levara a cabo tramitación algunha en dito expediente nen se xustificara a existencia de prórroga nos prazos legais existentes para o desenvolvemento dunha OPE.

QUINTA O artigo 103 da Constitución Española sinala que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito. Así, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio destes dereitos.

O artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas regula os “Dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo”, entre eles: a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...).

En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sin demoras inxustificadas. Esta obriga é especialmente relevante tratándose da solicitude dunha persoa interesada nun procedemento como é o caso.

Neste asunto existen dous informes da administración de distintos departamentos con distinto sentido. Porén, persiste a obriga de resolver e responder ao interesado no que ese concello entenda.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte recordatorio de deberes legais:

Na tramitación dos expedientes a administración deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo